



## PRINCIPAIS DEMANDAS DA FEDERACIÓN DOWN GALICIA

### Eleccións ao Parlamento de Galicia

*12 de xullo de 2020*

## CONCERTO SOCIAL

No eido dos servizos sociais, e atendendo ás características das persoas atendidas, desde Down Galicia consideramos que o criterio económico non debe ser o que teña máis peso por parte da Administración á hora de ofertar servizos. Criterios como a calidade e a axeitada ratio de persoal especializado, deber ser prioritarios para que as persoas beneficiarias poidan dispoñer de servizos que lles permitan a inclusión social e a mellora da súa calidade de vida.

As fórmulas tradicionais vixentes de contratación pública aplicadas con xeneralidade polas Comunidades Autónomas tales como o concurso, a subasta ou a subvención, non son en absoluto adecuadas para a xestión de servizos de proximidade, posto que restan eficacia e calidade ás prestacións públicas e poñen en risco os apoios á inclusión e ao benestar das persoas con discapacidade e as súas familias.

### PRINCIPAIS DEMANDAS:

- Que na Comunidade Autónoma de Galicia se estableza, mediante os cambios necesarios na normativa correspondente, o **concerto social como modalidade de contratación pública**.
- Que o concerto social se aplique unicamente con **entidades sen ánimo de lucro de iniciativa privada na prestacións de servizos sociais**.
- Que se establezan como **requisitos adicionais** ter “experiencia mínima de 3 anos de atención ao colectivo destinatario do obxecto do concerto” (como recolle a Lei de Extremadura no seu artigo 5.1) e a implantación previa no territorio ou o respecto pleno ao principio de igualdade de xénero (que se prevén na lexislación doutras comunidades autónomas como Andalucía).
- Que os cambios na normativa autonómica afonden no **recoñecemento do protagonismo das entidades non lucrativas de acción social na prestación dos servizos sociais** ás persoas máis vulnerables e reforcen a súa relación coa Administración pública, así como o seu papel na sociedade.
- **Que se fale de “servizos concertados” e non de “prazas concertadas”**, pois esa é a realidade de moitas das entidades prestadoras de servizos sociais.

## LEI DE DEPENDENCIA

### INCIDENCIAS NA IMPLANTACIÓN E CASOS DETECTADOS

Ao longo destes anos, detéctanse numerosas incidencias:

- Valoracións do grao de dependencia inadecuados estando por debaixo do que corresponde polas necesidades de apoio que amosan as persoas con discapacidade. Estanse realizando de oficio as revisións de valoración de dependencia de persoas usuarias que levan consigo unha baixada considerable na valoración inicial realizada (por exemplo, de grao II pasa a ser Grao I) cando se detecta que as necesidades reais de apoios son coincidentes coa valoración inicial e na segunda valoración se queda por debaixo das necesidades reais. Nas últimas solicitudes de valoración resólvense varios Non dependentes ou Grao I.
- Numerosas resolucións de PIAs (Programas Individualizados de Atención) que teñen asignación de “Libranza na Contorna Familiar”, tras indicar a Secretaría Xeral de Política Social en maio de 2012 que non se concederían máis asignacións desta natureza ao ser estes fondos de dependencia a destinar prioritariamente para “Libranza de prestación de Servizos”, tal como establece a norma.
- Excesivos prazos sen resposta, principalmente na resolución de asignación de PIAs.

### PRINCIPAIS DEMANDAS

- **Valoracións axeitadas do grao de dependencia**, tendo en conta as necesidades reais de apoios das persoas con discapacidade.
- **Cumprimento da norma** en canto aos criterios aplicados na resolución de PIAs (Programas Individualizados de Atención).
- **Axilización nos prazos de resposta.**

## ATENCIÓN TEMPERÁ

É necesario ter regulada e funcionando unha rede pública e gratuíta de atención temperá que responda ás necesidades dos nenos e nenas de 0 a 6 anos. Esta rede pública, sobre o papel, estaría regulada polo Decreto 183/2013 de 5 de decembro, polo cal se crea a Rede Galega de Atención Temperá, pero non foi desenvolvida aínda no regulamento correspondente.

Actualmente, os recursos dependentes do Sergas non están sectorizados de forma estrita. As unidades hospitalarias dependen dos servizos de rehabilitación e poden atender nenos e nenas que non son da súa área e, incluso hai hospitais que non teñen unidade de Atención Temperá. Pola súa parte, a atención desde Servizos Sociais depende maioritariamente de iniciativas municipais ou de entidades de iniciativa social e non existen protocolos consensuados de derivación entre as diferentes áreas de servizos. Ademais, non está regulada a autonomía propia dos servizos para a recepción de casos nin que se admitan só os casos derivados da Administración.

As plantillas das unidades hospitalarias son moi variables en composición e dimensións. Nos Servizos Sociais non hai unha norma reguladora para unidades de Atención Temperá. Os equipos profesionais teñen un perfil psicopedagóxico e coordínanse cos servizos de traballo social e educación familiar dos concellos ou cos servizos especializados multiprofesionais de menores, atención á dependencia ou á discapacidade.

## PRINCIPAIS DEMANDAS

- **Evitar a derivación a entidades privadas.** Dende hai algún tempo, estase detectando en distintas localidades que as unidades de Atención Temperá hospitalarias non dan resposta ás necesidades de atención do colectivo. No seu lugar, derivan estes servizos a entidades privadas. Nas entidades Down non hai financiamento específico nin estable para os servizos de Atención Temperá.
- **Servizo sectorizado.** É un servizo que debe estar sectorizado. Os servizos deben achegarse á poboación.
- **Criterio de intervención bio-psico-social:** Que as unidades hospitalarias non funcionen como modelo rehabilitador enfocado unicamente á discapacidade e á intervención exclusiva co neno ou nena, senón que manteña un criterio de intervención bio-psico-social tendo en conta á familia como principal referente para o rapaz ou rapaza.
- **Membros da Rede Galega de Atención Temperá.** Down Galicia leva anos prestando servizo de Atención Temperá, dispoñendo tanto de instalacións como de persoal profesional cualificado, polo que debe formar parte da Rede Galega de Atención Temperá.

## ENVELLECIMENTO

Envellecer é un proceso natural para tódalas persoas, mais non deixa de ser unha conquista para as persoas coa síndrome de Down. De feito, nas últimas décadas apreciouse un espectacular aumento da súa esperanza de vida, superando en moitas ocasións os 60 anos. Tal logro ven derivado da man do estudo e do coñecemento exhaustivo da realidade e necesidades do colectivo, o cal derivou nunha mellora exponencial da súa calidade de vida e, moi especialmente, nunha mellor e máis especializada atención no eido da saúde, sobre todo nas primeiras etapas da vida.

Xa hai un camiño andado que nos leva a ter algunhas certezas. Por unha banda, **as persoas coa síndrome de Down experimentan un proceso de envellecemento acelerado**, polo que a partires dos 40-45 anos comezan a presentar trazos típicos da poboación envellecida. Por outra, está constatado que se da unha **maior prevalenza da enfermidade de Alzheimer na poboación coa síndrome de Down**. A través da realización de estudos *post mortem* comprobouse que case todas as persoas coa síndrome de Down de máis de 40 anos tiñan desenvolvidas características neuropatolóxicas propias desta enfermidade.

Trátase dunha nova realidade que xa evidencia carencias existentes para afrontar esta situación. É fundamental tomar conciencia: as persoas coa Síndrome de Down no seu envellecemento poden presentar diferentes patoloxías que precisan ser detectadas, diagnosticadas e tratadas igual que para o resto da poboación.

Aínda é recorrente que, ante unha consulta médica para unha persoa coa síndrome de Down maior de 35 anos que presenta un deterioro físico e/ou cognitivo, se normalice a problemática como algo habitual das persoas con síndrome de Down. Non hai un protocolo establecido dentro do noso sistema sanitario para o colectivo que poida favorecer unha diagnose precoz e unha abordaxe nas etapas iniciais do deterioro.

## PRINCIPAIS DEMANDAS

- **Identificar e protocolarizar a realidade existente:** é necesario coñecer as necesidades de atención e diagnóstico do Alzheimer e outras demencias nas persoas coa síndrome de Down. Débense describir unha serie de procesos para a recollida sistemática de información, que contribúan a un mellor coñecemento dos procesos de envellecemento normal e patolóxico. Será necesaria a implicación dos especialistas do Servizo Galego de Saúde, xa que é necesario que o interioricen como unha parte máis do seu traballo habitual.
- **Lograr un marco de colaboración co Servizo Galego de Saúde:** neste momento non están identificadas as unidades de referencia para a detección de procesos de demencia ou Alzheimer das persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- **Apoio económico:** o apoio económico da Administración Pública é de vital importancia para levar a cabo un estudo de envellecemento das persoas coa síndrome de Down.

## EDUCACIÓN

A educación é un pilar fundamental no desenvolvemento de calquera sociedade. As sociedades avanzadas, deben estar dotadas de institucións capaces de garantir este dereito a toda a poboación, sen excluír a ningún individuo por ningunha causa. Isto é, **debe garantir a educación inclusiva**.

Down Galicia considera que debemos ter presente que a sociedade da cal formamos parte é plural e esa realidade ha de ser a bandeira da educación. Polo tanto, debemos ter en conta que se se segrega ao alumnado, sexa cal sexa a causa, sobre todo nunha idade temperá, non estamos avanzando na construción dunha sociedade tolerante e respectuosa coa diferenza e coa diversidade. A convivencia, a educación inclusiva, enriquece tanto a aquelas persoas que presentan algunha dificultade como ao resto.

## PRINCIPAIS DEMANDAS EN MATERIA DE EDUCACIÓN

Para promover e asegurar unha educación e unha aprendizaxe de calidade para as persoas coa síndrome de Down en igualdade de condicións que o resto do alumnado, dende Down Galicia propoñemos unha serie de medidas que, dende a nosa experiencia, entendemos que poderán contribuír á consecución deste obxectivo:

- **Regular axeitadamente a atención á diversidade do alumnado con necesidades de apoio educativo** (desenvolvemento normativo do Decreto 229/2011), de acordo ás esixencias recollidas na Constitución Española e os Tratados Internacionais ratificados polo Estado español e o Parlamento Galego.
- **Prestación de apoios:** para asegurar uns bos niveis de inclusión educativa do alumnado coa síndrome de Down é preciso comezar porque estean presentes nas aulas cos restos dos seus compañeiros e compañeiras, compartindo non só espazos, senón tamén actividades e experiencias.
- **Adaptación de materiais e metodoloxías na aula e nos centros:** débese favorecer unha educación adaptada a cada persoa con necesidades específicas de apoio educativo, proporcionando os apoios e recursos necesarios (plans de estudos adaptados, adaptacións curriculares, axuste de tempos, persoal,...) que dean resposta ao desenvolvemento psicomotor, intelectual, social e afectivo-emocional das persoas coa síndrome de Down e que impulsen ademais a súa participación nas aulas e nos centros.
- **Regularización das certificacións de estudos e titulacións:** débese garantir unha acreditación de estudos que permitan ao alumnado con discapacidade con necesidades de apoio educativo (persoas coa síndrome de Down) lograr unha titulación para a continuación de estudos ou para o desempeño laboral se superan as materias con adaptación curricular.

## FORMACIÓN E EMPREGO

O acceso a un posto de traballo é un dereito universalmente recoñecido. O seu desempeño inflúe directamente no modo en que unha persoa percibe aos demais e se percibe a si mesma. Tamén inflúe no modo en que esa persoa é percibida e valorada pola sociedade e, por suposto, no grao de liberdade de que a persoa dispón no aspecto económico e social. Deste xeito, a actividade laboral, como fin dunha traxectoria formativa, converteuse nunha das principais canles de inserción social das persoas con discapacidade intelectual.

Unha persoa que traballa nun Centro Especial de Emprego ten máis custe para a Administración que unha persoa que traballa mediante a fórmula do Emprego con Apoio. Ademais, debemos ter en conta que as persoas con discapacidade intelectual que traballan na empresa ordinaria contribúen de forma activa pagando impostos ao erario público e aportando as súas cotizacións ao sistema de Seguridade Social.

Sen embargo, nos últimos anos, a Administración galega destinou un importe superior aos Centros Especiais de Emprego en relación ao destinado ao emprego na empresa ordinaria.

A pesar de todo, Down Galicia conseguiu que, nos últimos anos, os datos sigan unha tendencia ascendente en canto ás persoas usuarias do seu programa de emprego que contaron con unha oportunidade laboral, demostrando a utilidade e aceptación desta metodoloxía entre o tecido empresarial privado. Sen embargo, o acceso a un posto de traballo de forma normalizada segue a ser un dos grandes retos das entidades que traballan a prol da inclusión laboral na empresa ordinaria.

## PRINCIPAIS DEMANDAS EN MATERIA DE EMPREGO E FORMACIÓN PRELABORAL

- **Aumento da inversión no eido do emprego inclusivo** e aposta clara pola promoción de políticas de emprego de inclusión laboral na empresa ordinaria en lugar da preferencia amosada polos centros especiais de emprego.
- As Administracións públicas deben ser as primeiras en dar exemplo e contemplar na Función Pública ás persoas con discapacidade, a través de **convocatorias independentes de emprego público adaptadas ás persoas con discapacidade intelectual** e a través de contratacións.
- Promoción por parte das administracións da **contratación de persoas con discapacidade intelectual nas empresas subcontratadas** para a prestación de servizos licitados.
- **Convocatorias de formación nas que poidan optar persoas sen título da ESO.**
- **Cambios no acceso aos obradoiros de emprego**, xa que nestes intres non é posible acceder a eles sen unha titulación da ESO.
- **Discriminación positiva nas ofertas de emprego público**, con diferentes quendas atendendo aos códigos do diagnóstico da discapacidade intelectual que figuran no ditame técnico facultativo ou por tramos de % de discapacidade.

## ACCESO Á INFORMACIÓN

O artigo 9 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU, ratificada por España en 2008, di: “A fin de que as persoas con discapacidade poidan vivir en forma independente e participar plenamente en todos os aspectos da vida, os Estados Partes adoptarán medidas pertinentes para asegurar o acceso das persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais, ao entorno físico, o transporte, a información e as comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, e a outros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas como rurais”.

Queda claro, polo tanto, que o acceso á lectura e á información é un dereito e unha necesidade social.

Chámase lectura fácil aqueles contidos que foron resumidos e realizados con linguaxe sinxela e clara, de forma que poidan ser entendidos por persoas con discapacidade cognitiva ou discapacidade intelectual. Deste xeito, contribúese á autonomía persoal e á inclusión educativa e social das persoas con dificultades lectoras, facilitando así a accesibilidade á información e eliminando as barreiras para a comprensión das mensaxes escritas, a aprendizaxe e a participación.

### Xustificación da necesidade de materiais en lectura fácil

1. O dereito de igualdade de oportunidades e condicións de acceso á educación e ao coñecemento.
2. A complexidade dun texto que non está adaptado á lectura fácil supón una discriminación engadida para as persoas con discapacidade intelectual.
3. O acceso á cultura, á literatura e á información é unha necesidade social e un dereito democrático recoñecido por diversos textos legais nacionais e internacionais.
4. A lectura é o que permite que unha persoa comparta ideas, pensamentos e experiencias cos demais á vez que a capacita para ampliar a súa visión do mundo e crecer como ser humano

Incluímos neste apartado, baseándonos no “Informe sobre a experiencia das persoas usuarias das entidades Down nas eleccións xerais de 2019”, a necesidade de **accesibilidade informativa en todo o referido aos procesos electorais**: guías en lectura fácil sobre o propio proceso, información máis comprensible dos programas dos diferentes partidos ou claridade á hora de informar sobre a mesa que corresponde a cada votante.



## EVITAR A INCAPACITACIÓN TOTAL

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con discapacidade supón a ratificación do feito de que as persoas con discapacidade son suxeitos de dereito, situación que xa recoñecían de forma xeral a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a propia Constitución Española. Esta reiteración ven xustificada pola existencia de unha actitude legal proteccionista e unha percepción social do colectivo como cidadáns e cidadás especiais, que trouxo consigo innumerables medidas restritivas que impiden literalmente o goce deses dereitos, en aras da súa protección e seguridade, chegándose incluso a situacións de violación permanente dos dereitos fundamentais.

O maior grao de fricción entre o contido da Convención e a lexislación española atópase na regulación dos dereitos da personalidade e a capacidade xurídica e de obrar das persoas con discapacidade. O artigo 12 da Convención declara explicitamente a igualdade plena ante a lei das persoas con discapacidade sen distinción algunha. Esta afirmación entra en plena confrontación con algunhas das institucións que no noso Dereito regulan a capacidade xurídica, tales como a tutela, a curatela, a prórroga da patria potestade, ou a propia incapacitación xudicial, postulando contra estas institucións, a personalidade xurídica (que non se diferencia da capacidade de obrar) plena e orienta a lexislación cara a regulación de apoios e asistencias que completen a capacidade de forma efectiva.

Ante esta diatriba, a postura de Down Galicia é a de apoiar absolutamente o expresado no artigo 12 da Convención e, en consecuencia, demandar:

- A desaparición, por inaceptablemente discriminatoria, de calquera proceso, xudicial ou administrativo, polo que se retire, elimine, prohiba ou simplemente se restrinja a capacidade de obrar de unha persoa, por razón da súa discapacidade, isto é, a institución xeralmente coñecida como “incapacitación” (ou calquera outro nome que se lle pretenda dar no futuro).
- A desaparición (co réxime transitorio que sexa preciso, respecto das situacións xa existentes e asentadas na práctica) de toda institución substitutiva da vontade civil das persoas con discapacidade, xa se trate de tutelas, curatelas ou calquera outra institución similar.
- A instauración do novo sistema da Convención de apoios á capacidade de obrar propia, de tal maneira que tales apoios, respectando o principio básico do “respecto aos dereitos, a vontade e as preferencias da persoa” con discapacidade, aseguren o resto de condicións tamén establecido pola Convención, isto é, as “salvaguardas adecuadas e efectivas para impedir os abusos”, “o conflito de intereses e a influencia indebida”.